



1. INTRODUCCIÓN

O impacto das Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) leva cambios a nivel social e de xeito especial, unha transformación no ámbito educativo, desde repensar a formación básica que precisamos, a forma de ensinar e de aprender, ata a necesidade de analizar e avaliar o uso educativo das infraestruturas e os medios que utilizamos para iso.

Entre os novos recursos que a tecnoloxía pon a disposición dos docentes, atópase o **Encerado Dixital Interactivo (EDI)**. Esta tecnoloxía preséntase como unha solución adecuada ao tratarse dun elemento tecnolóxico de aparencia familiar e de intuitiva utilización, pero de gran potencia. O EDI permite unha progresiva innovación nas prácticas docentes (Miller D., Glover D., 2002), unha mellora da motivación dos alumnos/as (Beeland, W., 2002) e a dispoñibilidade de novas ferramentas para atender á diversidade dos alumnos/as, especialmente a aqueles con discapacidades ou dificultades severas ou moderadas de aprendizaxe (Pugh, M. 2001).

Por todo iso, no anterior curso 07-08 xorde a convocatoria duns primeiros premios EDiGa (<http://ediga.net/blog/premios-ediga>), que recoñezan a labor educativa realizada por diferentes docentes na innovación e boas prácticas en mencionados soportes interactivos. Debido ao gran impacto desa convocatoria na comunidade escolar (68 centros participantes, 12 finalistas, 136 asistentes, 98655 visitas e 28800 descargas de materiais/experiencias na páxina) consolidan a organización dunha nova convocatoria e encontro Premios EDiGa 08-09.

Así pois, un ano máis, os Premios EDiGa consolidanse como un referente no almanaque anual e escolar onde poder compartir experiencias, materiais e coñecementos sobre un eido en constante evolución, o EDI.

Animádevos a participar e compartir!

2. OBXECTIVOS

Os premios EDiGa convócanse co obxectivo de incentivar o uso dos novos soportes dixitais interactivos, de difundir experiencias educativas e o de crear unha comunidade de aprendizaxe tendo como referente as Tics.

3. BASES DA CONVOCATORIA: CATEGORÍAS E PREMIOS

Establécense dous tipos de categorías:

CATEGORÍA A: Elaboración de Materiais Didácticos

Elaboración de recursos para usar no encerado dixital interactivo SMART, estarán baseados en calquera tema curricular, de calquera etapa educativa non universitaria. Os materiais poderán ser actividades que conteñan:

- Coleccións de imaxes ou fotografías para a galería do caderno de notas.
- Coleccións de sons para a galería do caderno de notas.
- Vídeos realizados coa gravadora SMART.
- Coleccións multimedia para a galería do caderno de notas.
- Aplicacións Flash para incorporar no caderno de notas.

Todos estes materiais deberán estar dentro dunha actividade notebook (en todos os seus formatos .notebook, .xbc, .xbk) para traballar determinados aspectos de aprendizaxe.

Calquera material dos descritos anteriormente, debe **incluir unha memoria** que conteña:

- Título do recurso.
- Obxectivos/Contidos que pretende desenvolver.
- Nivel/Área.
- Proposta metodolóxica / Guía de Uso.
- Valoración final: resultados obtidos, vantaxes achegadas e problemáticas.



PREMIOS CATEGORÍA A:

- 1º Premio: - Unha pizarra dixital interactiva SMART
- 2º Premio: - Tablet Pc
- 3º-5º Finalistas: unha cámara de Fotos Dixital



CATEGORÍA B: Boas prácticas SMART / Experiencias innovadoras

Descrición de experiencias baseadas no uso do encerado dixital interactivo SMART nas aulas, co obxectivo de incentivar a reflexión sobre as prácticas docentes e reunir unha mostra audiovisual que ilustre as mellores formas de utilizala.

O traballo debe contar cunha exposición detallada da organización de tempo e a xestión de espazos necesaria para incorporar estes modelos innovadores, así como unha recompilación dos materiais e recursos que se usan para tal fin. O modelo didáctico ou experiencia, pode ser presentado nos soportes seguintes para o seu recoñecemento:

- Series de fotos coas súas correspondentes anotacións.
- Vídeos explicativos da experiencias.
- Presentacións multimedia coa descrición do modelo.

Todos estes materiais deberán estar dentro dunha actividade notebook (en todos os seus formatos .notebook, .xbc, .xbk), cunha presentación de pantallas.

Calquera experiencia presentada nos formatos anteriores, debe incluír unha memoria que conteña:

- Título da experiencia.
- Breve descrición do Modelo Didáctico a desenvolver:
- Nivel/Área.
- Organización do centro/aula/clase.
- Recursos utilizados.
- Valoración final: resultados obtidos, vantaxes achegadas e problemáticas.

PREMIOS CATEGORÍA B:

Premio especial Viaxe BETT 2010



13 - 16 January 2010
Olympia London

* Feria Internacional de Tecnoloxía Educativa máis importante de Europa. Máis info: <http://www.bettshow.com>

CATEGORÍA C: Mellor desenvolvemento EDI Experiencias de aula no blog

Creación e descrición das experiencias realizadas na aula nun blog dentro de www.ediga.net/wpmu
<http://ediga.net/wpmu/wp-signup.php>

PREMIOS CATEGORÍA C:

1 Tablet PC





4. PREMIOS

En ningún caso se cambiará o importe do premio polo seu valor en metálico.

NOTA: Unha listaxe actualizada dos premios pódese ver en : <http://ediga.net/blog/premios-ediga-2/>

5. COMPOSICIÓN DO COMITÉ ASESOR E CRITERIOS DE VALORACIÓN

O comité asesor estará formado por especialistas no uso das Tics, docentes en activo e representantes de institucións vinculadas ao ensino.

Con relación aos criterios de avaliación terase en conta:

CATEGORIA A

- Calidade Técnica ou artística do material (25%)
- Calidade na Documentación aportada (memoria) (25%)
- Variedade de formatos utilizados (25%)
- Visión Global do material (25%)

(Terá un especial interese a posibilidade de compartir o material na rede, tamaño máximo recomendado 20 megas).

CATEGORIA B

- Calidade Técnica ou artística do soporte da experiencia (25%)
- Calidade na Documentación aportada (memoria) (25%)
- Innovación da experiencia/modelo didáctico exposto (25%)
- Nivel Implicación da Comunidade Educativa (10%)
- Aplicabilidade a outros contextos (centros, aulas...) (15%)

CATEGORIA C

- Calidade Técnica ou artística do das tecnoloxías empregadas (25%)
- Calidade na Documentación aportada (memoria) (25%)
- Innovación da experiencia/recursos expostos (25%)
- Nivel Implicación da Comunidade Educativa (25%)

6. PRAZOS DE ENTREGA

Os centros que desexen participar deberán formalizar a súa solicitude en <http://ediga.net/blog/premios-ediga/> e presentar as súas propostas de recursos e/ou experiencias antes do 11 de mayo de 2009 coa folia de participación debidamente cuberta a:

A/A Grupo EDiGa :: Rúa do Concello 14 Ponteceso - A Coruña CP:15110



ENCERADODIXITALinteractivo
GALICIA



9. ACTO DE ENTREGA DOS PREMIOS

Convocarase a todos os candidatos á entrega dos premios onde exporán as súas materiais/experiencias o día 15 e 16 de maio do 2009 na Facultade de Ciencias da Educación - Universidade de A Coruña, lugar e data onde se pronunciarán os fallos do comité asesor.

Entregaranse diplomas acreditativos a todos os asistentes.

Todo o material presentado a esta convocatoria publicarse na plataforma web de EDiGa.

Os traballos serán orixinales, non presentados anteriormente.

Non se devolverá o material orixinal proposto.

10. PATROCINADORES-COLABORADORES



Iberian Distribution



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



MACMILLAN
English Language Teaching





FOLLA DE PARTICIPACIÓN Á CONVOCATORIA "II PREMIOS EDIGA"

Marque cunha X

<input type="checkbox"/>	CATEGORIA A (Materiais)	<input type="checkbox"/>	CATEGORIA B (Experiencias)	<input type="checkbox"/>	CATEGORIA C (Blogs)	<input type="checkbox"/>
--------------------------	-------------------------	--------------------------	----------------------------	--------------------------	---------------------	--------------------------

Proxecto

TITULO
BREVE DESCRIPCIÓN

Coordinador/a

Nome Apellidos1	DNI	Centro
Enderezo	E-Mail	Telf contacto

Autor/Autores

Nome Apellidos2	DNI	E-Mail	Centro
Nome Apellidos3	DNI	E-Mail	Centro
Nome Apellidos4	DNI	E-Mail	Centro

Xunto con esta follla de participación adxuntarase en formato papel e electrónico a correspondente memoria da categoría á que participa, así como os materiais pertinentes (recursos, experiencias) en soporte electrónico (CD, DVD, MEMORIAS).

_____, de _____ de 2009

SINATURA DO/A CORDINADOR/A

ENVIO A:

A/A Grupo EDiGa :: Rúa do Concello 14 Ponteceso - A Coruña CP:15110